



## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA.

### CURSO 2021-2022

(Actualizado tras a Orde do 25 de xaneiro de 2022)

#### **1. AVALIACIÓNS**

A cualificación final de cada avaliación obtense da suma dos seguintes apartados, debendo ser igual ou superior a 5 puntos para unha avaliación positiva:

##### **a) PROBAS ESCRITAS QUE SUPOÑEN UN 80% DA CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL (ATA 8 PUNTOS).**

Nota media das probas realizadas durante a avaliación ( 2 ou máis probas). Supón ata un máximo de 8 puntos  
Nestas probas escritas descontaranse 0,25 por cada 2 faltas de ortografía ata un máximo de 2 puntos.

##### **b) TRABALLOS QUE SUPOÑEN UN 20 % DA CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL (ATA 2 PUNTO).**

Neste apartado figuran: os exercicios, a entrega de pequenos traballos individuais (mapas, gráficos, comentarios, resumos, ...), traballos de investigación, que deberán ser presentados en prazo e na debida forma. A media das notas obtidas en todos eles supón ata un máximo de 2 puntos (20%)

#### **2. RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

Despois de cada avaliación, faremos recuperación da mesma, mediante unha proba na que só se recuperará o parcial suspenso ou todos de ser o caso (consideramos suspensos aqueles con nota inferior a 5). **A nota obtida na proba suporá como mínimo un 80 % da nota final de recuperación.**

Tamén como parte da recuperación, o profesor poderá esixir ao alumno a entrega de traballos que non presentara ou non fixera correctamente durante a avaliación ou tamén a elaboración de actividades destinadas a facilitar a súa recuperación (dossier de exercicios, resumos, esquemas, ...). Nese caso, **a entrega destes traballos suporá ata un máximo do 20% na nota final da recuperación.**

A recuperación da 3ª Avaliación farase entre o 6 e o 21 de Xuño antes da Avaliación Final

#### **3. AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA**

Cando un alumno/a teña as 3 avaliacións aprobadas, a nota final será a media das mesmas.

No caso de que o alumnado chegue á Avaliación Final Ordinaria con algunha avaliación suspenso, terá suspenso a materia e deberá presentarse ao exame da Avaliación Final .

Na Avaliación Final deberá recuperar cada avaliación suspenso na súa totalidade (non só os parciais suspensos) no caso da 1ª e da 2ª Avaliación mentres que no caso da 3ª Avaliación só os parciais suspensos, mediante unha única proba con independencia que sexan 1, 2 ou as 3 avaliacións suspensas.

Polo tanto, só os alumnos coas 3 avaliacións suspensas deberían facer o exame da totalidade da materia.

A non superación da Avaliación Final Ordinaria suporá que o alumno/a queda coa totalidade da materia pendente, no caso de promoción ao curso seguinte.

#### **4. OUTRAS VALORACIÓNS**

1. Cando un alumno non se presente a un exame, para poder realizalo, deberá xustificar documentalmente a súa ausencia (agás no caso de ausencias contempladas no protocolo COVID-19). De non xustificalo, terá oportunidade de realizar o mesmo no momento da recuperación.
2. No caso de que un alumno sexa sorprendido copiando (chuletas, dun compañeiro, teléfono, ...) terá nese exame unha cualificación de 0 puntos.